

## ECONOMÍA. PREZOS E INFLACIÓN

### ACTIVIDADE 2. Usos do índice de prezos de consumo (IPC)

#### Obxectivos:

Aprender a utilizar o IPC para a actualización de:

- ◆ Alugueres
- ◆ Soldos
- ◆ Pensións

#### Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.

#### Cuestións a resolver:

- 1) Tendo en conta o valor do IPC nacional para os meses de decembro de 2018, 2019 e 2020 calcula as correspondentes variacións interanuais en porcentaxe.

	IPC	Variación interanual
Decembro de 2018	104,405	..
Decembro de 2019	105,228	
Decembro de 2020	104,668	

- 2) O propietario dunha vivenda tena alugada por 600 euros/mes. No mes de xaneiro de 2019 actualizoulle a renda ao inquilino segundo a variación interanual do IPC de decembro de 2018. Tendo en conta os resultados do exercicio anterior

¿Que cantidade mensual deberá pagar o inquilino durante o ano 2019? .....

.....euros/mes

¿E a partir de xaneiro de 2020? (actualizar segundo a variación interanual do IPC de decembro de 2019) .....

.....euros/mes

3) Un traballador ten unhas retribución totais de 1.747,69 euros ao mes. Segundo o convenio colectivo que regula o seu sector, no mes de xaneiro actualízalle o salario un 1,7%. ¿En que cantidade (euros) se vai ver incrementado mensualmente o seu salario?

.....  
 .....euros/mes

4) En 2020 un pensionista cobraba pola súa pensión de incapacidade permanente 857,24 euros mensuais. Segundo o Real Decreto 46/2021, do 26 de xaneiro (BOE 27/01/2021), para o ano 2021 as pensións teñen que revalorizarse un 0,9%. ¿Canto vai ingresar o pensionista en 2021?

.....  
 .....euros/mes

Tendo en conta que variación interanual do IPC no mes de novembro de 2020 foi do -0,8%, ¿cal foi a súa perda ou ganancia de poder adquisitivo?

	Dato
Importe mensual 2020	857,24 euros/mes
Revalorización das pensións (Real Decreto 46/2021)	0,9%
Importe mensual efectivamente cobrado en 2021	
Variación interanual do IPC de novembro de 2020	-0,8%
Importe mensual coa variación interanual real do IPC (novembro)	
Perda ou ganancia de poder adquisitivo mensual	
Número de pagas anuais	14
Importe do pago único	